

# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro

# 2016

**CSI-F**  
Estamos **X**ti



Orgulhoso  
de  
ser docente



# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016


## ÍNDICE:

1. CONCURSO DE TRASLADOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS
2. CAMBIO DE DESTINO E REINGRESO A RESULTAS DE PROFESORES ESPECIAIS DE INSTITUTOS TÉCNICOS DAS ENSINANZAS MEDIAS QUE SE VAN EXTINGUIR
3. ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PARA PROFESIONAIS DA CRTVG
4. CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO ENTRE O PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DO CORPO DE MESTRAS/ES PARA CUBRIR PRAZAS DE XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
5. BOLSAS: PUBLICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS E A RELACIÓN DE EXCLUÍDOS PROVISIONAIS DE VARIAS ESPECIALIDADES
6. PREMIOS DE ESO AO ESFORZO E Á SUPERACIÓN PERSOAL
7. BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS
8. DOBLE TITULACIÓN BACHILLER-BACCALAURÉAT CORRESPONDIENTES AL CURSO 2016-2017
9. FORMACIÓN
10. III CERTAME RELATOS XEOLÓXICOS 'ÉRASE UNHA VEZ A XEOLOXÍA' 2016
11. XII OLIMPÍADA DE BIOLOXÍA

# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016



## 25N | Ponte na súa pel

Súmate ao **#compromiso25N**  
súmate á loita contra a violencia de xénero

compromiso • axuda • prevención • denuncia • máis recursos • pacto de estado

• CSIF CORUÑA [ense15@csi-f.es](mailto:ense15@csi-f.es)  
• CSIF OURENSE [ense32@csi-f.es](mailto:ense32@csi-f.es)

• CSIF LUGO [ense27@csi-f.es](mailto:ense27@csi-f.es)  
• CSIF PONTEVEDRA [ensino36@csi-f.es](mailto:ensino36@csi-f.es)

• CSIF SANTIAGO [ense77@csi-f.es](mailto:ense77@csi-f.es)



# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

## 1. CONCURSO DE TRASLADOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



#### CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO, ENTRE FUNCIONARIOS DOCENTES DO CORPO DE MESTRES E DO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PARA CUBRIR PRAZAS NOS CENTROS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

Orde do 14 de outubro de 2016 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

#### PARTICIPACIÓN CONXUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE DISTINTOS CORPOS ÁS MESMAS VACANTES

De conformidade co establecido no punto 5 da disposición adicional oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 5 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, o persoal funcionario dos corpos de catedráticos de ensino secundario participará no concurso de provisión de postos conxuntamente co persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario, ás mesmas vacantes, sen prexuízo dos méritos específicos que lle sexan de aplicación pola súa pertenza ao mencionado corpo de catedráticos.

#### PARTICIPACIÓN VOLUNTARIA

Poderá participar neste concurso, a prazas correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, o seguinte persoal funcionario docente do corpo de mestres e do corpo de catedráticos e de profesores de ensino secundario.

1. Poderá participar con carácter voluntario neste concurso de traslados:

a) O persoal funcionario docente que estea en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no número 6 da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, transcorresen ao finalizar este curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

Enténdese tamén que están en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia en 31 de agosto de 2017 aquelas/es docentes que, desde un destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, accederon a un posto docente no estranxeiro e que deben incorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

b) O persoal funcionario docente que se atope en situación de servizos especiais, ou en excedencia por coidado de fillas, fillos e familiares, expresamente declarados como tales, desde centros actualmente dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorresen ao rematar este curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

c) O persoal funcionario docente que se atope en situación de excedencia voluntaria declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sempre que leve polo menos un ano nesa situación en 31 de agosto de 2017, e dous anos, se é o caso, no destino definitivo desde o que lle foi concedida a excedencia.

d) O funcionario docente que se atope en situación de suspensión declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sempre que en 31 de agosto de 2017 transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

e) O profesorado en expectativa de destino durante o curso 2016/17 que estea a prestar servizos en centros dependentes desta consellería.

**O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG**

**[Para máis información preme aquí:](#)**

## **2. CAMBIO DE DESTINO E REINGRESO A RESULTAS DE PROFESORES ESPECIAIS DE INSTITUTOS TÉCNICOS DAS ENSINANZAS MEDIAS QUE SE VAN EXTINGUIR**

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

#### **PROCEDEMENTO PARA CAMBIO DE DESTINO E REINGRESO A RESULTAS DE PROFESORES ESPECIAIS DE INSTITUTOS TÉCNICOS DAS ENSINANZAS MEDIAS QUE SE VAN EXTINGUIR**



Xúntase a Orde do 17 de outubro de 2016 pola que se anuncia procedemento para cambio de destino e reingreso a resultas de profesores especiais de institutos técnicos das ensinanzas medias que se van extinguir.

Poderán optar voluntariamente á praza anunciada nesta convocatoria dirixindo a súa instancia á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nos termos indicados na base décimo segunda, os funcionarios que se atopen nalgunha das situacións que se indican a seguir:

a) Os funcionarios que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

b) Os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais.

c) Os funcionarios que estean en situación de excedencia voluntaria. Se se trata do suposto de excedencia voluntaria por interese particular recollida na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG do 4 de maio), só poderán participar se ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorreu un ano desde que pasaron a esta situación.

O prazo de presentación de solicitudes e documentos será desde o **día 8 de novembro de 2016 ao 28 de novembro de 2016**, ambos os dous incluídos.

**[Para máis información preme aquí:](#)**

• CSIF CORUÑA [ense15@csi-f.es](mailto:ense15@csi-f.es)  
• CSIF OURENSE [ense32@csi-f.es](mailto:ense32@csi-f.es)

• CSIF LUGO [ense27@csi-f.es](mailto:ense27@csi-f.es)  
• CSIF PONTEVEDRA [ensino36@csi-f.es](mailto:ensino36@csi-f.es)

• CSIF SANTIAGO [ense77@csi-f.es](mailto:ense77@csi-f.es)



# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

## 3. ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PARA PROFESIONAIS DA CRTVG

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

#### ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PARA PROFESIONAIS DA CRTVG

Convocatoria específica do proceso de acreditación de competencias para determinados colectivos de profesionais da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. teñen subscrito un convenio sobre a colaboración educativa no ámbito da formación profesional.



En desenvolvemento da cláusula cuarta do devandito convenio está subscrita unha addenda, con data de sinatura 7 de outubro de 2016, que acorda o alcance dunha convocatoria do proceso de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral para os traballadores da corporación que reúnan os requisitos establecidos no RD 1224/2009, do 17 de xullo, no marco do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a dita consellería.

O dito acordo prevé unha convocatoria para un número máximo de 300 traballadores en unidades de competencia de seis ciclos formativos das familias profesionais de Imaxe e son, Electricidade e electrónica, e Administración e xestión.

Coa publicación desta convocatoria no portelo de formación profesional ábrese o prazo de presentación de solicitudes ata o día 18 de novembro de 2016.

[Para máis información preme aquí:](#)

## 4. CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO ENTRE O PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DO CORPO DE MESTRAS/ES PARA CUBRIR PRAZAS DE XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE DO 13 DE OUTUBRO DE 2016 POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO ENTRE O PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DO CORPO DE MESTRAS/ES PARA CUBRIR PRAZAS DE XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E DE EDUCACIÓN PRIMARIA DEPENDENTES DESTA CONSELLERÍA.

# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

## FORMA DE PARTICIPACIÓN

1. A instancia farase a través da internet, empregando o portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo: [www.edu.xunta.es/cxt](http://www.edu.xunta.es/cxt)

Lémbrese que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es polo que, quen non a teña, deberá solicitala a través do secretario do centro á UAC no teléfono 902 90 54 45.

2. Persoal que completou o expediente persoal na base de datos.

## VACANTES QUE SE CONVOCAN

As prazas que se cubrirán neste concurso son as que aparecen no anexo II da orde e as resultas que se poidan producir nos centros que aparecen no anexo III.

## PODERÁN PARTICIPAR NA PRESENTE CONVOCATORIA

a) O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que estea en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido na disposición adicional sexta.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 12.1 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, transcorresen ao remate do presente curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Así mesmo, poderá participar o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres/as en expectativa de destino nun centro dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

c) O persoal funcionario de carreira do corpo de mestras/es que, estando adscrito a prazas no exterior, deba incorporarse ao ámbito territorial de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2017/18.

d) O persoal funcionario de carreira do corpo de mestras/es dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que estea en situación de excedencia por coidado de fillas, fillos e familiares ou en servizos especiais.

e) O persoal funcionario que estea en situación de excedencia voluntaria concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Se se trata do suposto de excedencia voluntaria por interese particular, recollida no artigo 173 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, só poderán participar se ao finalizar o curso escolar en que se realice a convocatoria transcorrese un ano desde que pasaron a esta situación e dous anos desde que obtivo o destino definitivo en que lle foi concedida, se for o caso, a excedencia.

**O prazo de presentación de solicitudes e documentos será do 8 de novembro de 2016 ao 28 de novembro de 2016, ambos incluídos. Finalizado este prazo, non se admitirá ningunha nova solicitude nin a modificación das presentadas.**

**[Para máis información preme aquí:](#)**

• CSIF CORUÑA [ense15@csi-f.es](mailto:ense15@csi-f.es)  
• CSIF OURENSE [ense32@csi-f.es](mailto:ense32@csi-f.es)

• CSIF LUGO [ense27@csi-f.es](mailto:ense27@csi-f.es)  
• CSIF PONTEVEDRA [ensino36@csi-f.es](mailto:ensino36@csi-f.es)

• CSIF SANTIAGO [ense77@csi-f.es](mailto:ense77@csi-f.es)



# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

## 5. BOLSAS: PUBLICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS E A RELACIÓN DE EXCLUÍDOS PROVISIONAIS DE VARIAS ESPECIALIDADES



### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANUNCIO do 24 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais nas especialidades, do corpo de profesores de música e artes escénicas, de Acordeón (594401), Clave (594405), Instrumentos da Música Tradicional e Popular (Gaita) (594413), Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e do Barroco (594417), Órgano (594420) e Dirección de Orquestra (594421) (Diario Oficial de Galicia do 5 de outubro).

Finalizado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos nas especialidades de Acordeón (594401), Clave (594405), Instrumentos da Música Tradicional e Popular (Gaita) (594413), Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e do Barroco (594417), Órgano (594420) e Dirección de Orquestra (594421), procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais, na páxina web desta consellería.

Contra estas puntuacións provisionais e relación de excluídos provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG

[Para máis información preme aquí:](#)

## 6. PREMIOS DE ESO AO ESFORZO E Á SUPERACIÓN PERSOAL

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Puntuacións definitivas dos premios de ESO ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2015/2016

[Para máis información preme aquí:](#)



• CSIF CORUÑA [ense15@csi-f.es](mailto:ense15@csi-f.es)  
• CSIF OURENSE [ense32@csi-f.es](mailto:ense32@csi-f.es)

• CSIF LUGO [ense27@csi-f.es](mailto:ense27@csi-f.es)  
• CSIF PONTEVEDRA [ensino36@csi-f.es](mailto:ensino36@csi-f.es)

• CSIF SANTIAGO [ense77@csi-f.es](mailto:ense77@csi-f.es)





# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

## 7. BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS

### CONVOCATORIA DO PROGRAMA "BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIA" PARA O CURSO 2016/2017



A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través da Resolución de 7 de novembro de 2016, publica a convocatoria do programa Bibliotecas Escolares Solidarias para o curso 2016/2017, no que poderán participar os centros públicos de nivel non universitario de titularidade desta consellería.

	Iniciativa	Finalidade	Características
1	<b>Concesión do Selo "Biblioteca Escolar Solidaria"</b>	Recoñecer a bibliotecas que traballan de forma salientable a compensación de desigualdades e fomentan o <u>voluntariado cultural</u> entre os integrantes da comunidade escolar.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Convocatoria anual.</li><li>• Presentación de memorias por parte dos centros interesados: 10 de maio de 2017.</li><li>• Concesión dos selos (un máximo de 15 selos por curso escolar)</li></ul>
2	<b>Voluntariado na biblioteca escolar (Secundaria)</b>	Recoñecemento de horas de voluntariado na biblioteca escolar, para o alumnado colaborador, mediante a emisión de diplomas de acción voluntaria correspondentes.  Destinado a alumnado de ESO, BAC, FP ou ensinanzas de réxime especial.	<ul style="list-style-type: none"><li>• As bibliotecas escolares deberán adherirse ao programa, no momento que se estipule e levar rexistro das actividades do alumnado (data límite: 20/12/2016).</li><li>• Remitir datos alumnado (data límite: 31/05/2017)</li></ul>
3	<b>Voluntariado de lectura – A (Primaria)</b>	Estimular o voluntariado cultural relacionado coa biblioteca e a lectura, entre o alumnado de 5º e 6º de primaria.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Inscripción con data límite 20/12/2016</li><li>• Os centros inscritos presentarán memoria de actividades (data límite 25/04/2017).</li><li>• Seleccionaranse un mínimo de 4 experiencias. Concreción en convocatoria complementaria (febreiro-marzo de 2017).</li></ul>

# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

## 8. DOBLE TITULACIÓN BACHILLER-BACCALAURÉAT CORRESPONDIENTES AL CURSO 2016- 2017

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE



**RESOLUCIÓN DE 26 DE OCTUBRE DE 2016, DE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y UNIVERSIDADES, POR LA QUE SE DICTAN INSTRUCCIONES RELATIVAS AL PROGRAMA DE DOBLE TITULACIÓN BACHILLER-BACCALAURÉAT CORRESPONDIENTES AL CURSO 2016- 2017.**

#### **Primero. Adscripción de nuevos centros al programa Bachibac.**

Las Administraciones educativas remitirán a la Comisión Técnica, a través de la Subdirección General de Cooperación Territorial, la relación de los centros que se incorporen al programa Bachibac el año académico 2016/2017. Asimismo, con el fin de poder proporcionar información a la Administración francesa, facilitarán el número de alumnos inscritos en él y los datos solicitados en el modelo de ficha que aparece como Anexo I, todo ello antes del 25 de noviembre de 2016.

#### **Segundo. Profesorado.**

De acuerdo con la disposición adicional quinta del Real Decreto 1834/2008, de 8 de noviembre, por el que se definen las condiciones de formación para el ejercicio de la docencia en la educación secundaria obligatoria, el bachillerato, la formación profesional y las enseñanzas de régimen especial y se establecen las especialidades de los cuerpos docentes de enseñanza secundaria, las Administraciones educativas regularán los requisitos de formación añadidos que se exigirán al profesorado para impartir en francés una materia distinta a la de Lengua y Literatura Francesa en centros, públicos o privados, incorporados al programa Bachibac. Entre estos requisitos deberá incluirse la acreditación de un dominio de competencia en lengua francesa equivalente, al menos, al B2 del Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas.

#### **Tercero. Organización y desarrollo de la prueba externa para la obtención del título de Baccalauréat.**

1. Podrán presentarse a la prueba externa del Baccalauréat los alumnos de segundo de Bachillerato que estén cursando el currículo mixto del programa Bachibac establecido por Orden EDU/2157/2010, de 30 de julio. Los alumnos que deseen realizar la prueba deberán formalizar su inscripción con antelación, de acuerdo con los plazos establecidos por las Administraciones educativas.

2. Cada alumno podrá concurrir a una sola convocatoria por curso académico. La convocatoria extraordinaria quedará reservada únicamente para aquellos alumnos que, por razones de fuerza mayor que deberán ser acreditadas documentalmente y estimadas por la Administración educativa correspondiente, se hayan visto imposibilitados a acceder a la convocatoria ordinaria.

# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

3. Las Administraciones educativas dictarán anualmente las instrucciones necesarias para la aplicación de la presente resolución en lo relativo a la prueba externa para la obtención del título de Baccalauréat. Dichas instrucciones habrán de recoger, al menos, los siguientes aspectos:

- Plazo de inscripción, lugar y fecha de realización de los exámenes correspondientes, tanto para la convocatoria ordinaria como para la extraordinaria.
- Instrucciones para garantizar el correcto desarrollo de las pruebas.
- Procedimiento de reclamación.

[Para máis información preme aquí:](#)

## 9. FORMACIÓN



### CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIONES

### CURSOS HOMOLOGADOS UNIVERSIDADE

CSI-F ofrécete unha nova oferta en cursos homologados on-line, dirixidos a opositores, funcionarios e interinos docentes, cos que podes completar a túa formación docente.

Cursos HOMOLOGADOS cunha duración de 101 horas e de 31 horas.

### CURSOS DIRIXIDOS A TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS.

Completamente on-line. 24 horas, 7 días á semana.

Materiais actualizados.

Avaliación aplicada á práctica docente.

Relación directa cos titores.

Duración dos cursos adaptada á normativa das distintas Comunidades Autónomas.



## Certificación en 30 días.

**VÁLIDOS E PUNTUABLES** como mérito en listas de interinos, bolsas de traballo e oposicións das distintas Comunidades Autónomas (segundo convocatoria de cada CC.AA., baseado en apartado III Outros Méritos do Anexo I do R.D. 276/2007).

CONVOCATORIAS MENSUAIS

Accede a toda a [INFORMACIÓN](#) sobre as convocatorias

• CSIF CORUÑA [ense15@csi-f.es](mailto:ense15@csi-f.es)  
• CSIF OURENSE [ense32@csi-f.es](mailto:ense32@csi-f.es)

• CSIF LUGO [ense27@csi-f.es](mailto:ense27@csi-f.es)  
• CSIF PONTEVEDRA [ensino36@csi-f.es](mailto:ensino36@csi-f.es)

• CSIF SANTIAGO [ense77@csi-f.es](mailto:ense77@csi-f.es)



# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

## 10. III CERTAME RELATOS XEOLÓXICOS 'ÉRASE UNHA VEZ A XEOLOXÍA' 2016

### III CERTAME RELATOS XEOLÓXICOS 'ÉRASE UNHA VEZ A XEOLOXÍA' 2016

#### ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Universidade Complutense de Madrid (UCM)

#### DESTINATARIOS:

- Aberto a calquera persoa independentemente da súa nacionalidade. Modalidades: xuvenil (de 12 a 16 anos incluídos) e adultos/as (polo menos 17 anos ao peche da convocatoria).

- Poderán presentarse todos aqueles relatos escritos en español. O tema do relato debe incluír a Xeoloxía en calquera dos seus campos (paleontoloxía, mineraloxía, estratigrafía, xeodinámica interna ou externa, petroloxía...) ou a relación entre a Xeoloxía e outras ciencias (Bioloxía, Química, Física...). Valorarase especialmente que o tema xeolóxico estea ben integrado dentro do argumento da obra e non sexa un simple accesorio, así como a corrección no uso de conceptos e terminoloxía científica.

- Aceptarase unha soa obra por autor/a. As obras deberán ser inéditas e non estar presentadas antes da data de publicación do fallo a ningún outro certame. Os relatos terán unha extensión mínima de 1000 e máxima de 4000 palabras e deberán estar escritos con letra Estafes New Roman, tamaño 12, interlineado 1,5 e marxes normais, sen tabulaciones nin sangrías. Non se incluírán imaxes, marcos ou elementos accesorios. Ao principio de cada relato poñerase o título sen incluír pseudónimo nin nome do autor/a.

#### DATA LÍMITE :

Ata o 30 de novembro de 2016

#### MÁIS INFORMACIÓN:

Pack de instrumental xeolóxico para o/a gañador/a de cada modalidade e edición dos relatos gañadores e finalistas.

#### FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

Os relatos deberán ser enviados como arquivo adxunto en formato pdf, nomeado co título do relato, a través do correo electrónico.

[www.ucm.es/geodivulgar](http://www.ucm.es/geodivulgar) <<http://www.ucm.es/geodivulgar>>

relatos.geodivulgar@gmail.com

**[Para máis información preme aquí:](#)**

• CSIF CORUÑA [ense15@csi-f.es](mailto:ense15@csi-f.es)  
• CSIF OURENSE [ense32@csi-f.es](mailto:ense32@csi-f.es)

• CSIF LUGO [ense27@csi-f.es](mailto:ense27@csi-f.es)  
• CSIF PONTEVEDRA [ensino36@csi-f.es](mailto:ensino36@csi-f.es)

• CSIF SANTIAGO [ense77@csi-f.es](mailto:ense77@csi-f.es)




# NOVAS DE ENSINO



Do 02 ao 11 de novembro de 2016

## 11. XII OLIMPÍADA DE BIOLOXÍA



Asociación Española Olimpiada de Biología (OEB) convoca a XII Olimpiada de Biología (Fase Autonómica Galega) baixo o patrocinio de, entre outros, da Facultade de Biología da Universidade de Santiago de Compostela e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

A Fase Galega celebrarase o 13 de xaneiro de 2017 na Facultade de Biología da Universidade de Santiago de Compostela

Poderán participar na XII Olimpiada de Biología todos os estudantes que estean matriculados na asignatura de Biología no 2º curso de Bacharelato durante o curso 2016-2017, en centros de ensino de Galicia de calquera titularidade.

Número máximo de estudantes por centro que o poden solicitar: 4 e tamén 4 suplentes por se algún estudante dese centro non puidera presentarse unha vez seleccionado.

Para que poidan participar o maior número de centros serán seleccionados os dous primeiros de cada centro e o resto, ata completar as prazas serán seleccionados segundo as cualificacións obtidas en Biología e Xeoloxía no 1º curso de Bacharelato.

### DESENVOLVEMENTO

A Primeira Fase, tamén chamada Olimpiada Autonómica ou Fase Local, consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test; ademais dunha proba práctica non manipulativa dos contidos de Biología da ESO, de 1º de Bacharelato e de 2º de Bacharelato referidos ao Primeiro Bloque do programa oficial: A Base Molecular e Físicoquímica da Vida.

Estas probas realizaranse o venres día 13 de xaneiro de 2017 da Facultade de Biología da Universidade de Santiago de Compostela.

A Segunda Fase é a Fase Nacional da XII Olimpiada Española de Biología terá lugar en Pamplona del 23 al 26 de marzo de 2017. Nela participarán os gañadores da Primeira Fase de todas as comunidades autónomas. Consistirá nunha sesión teórica dos contidos de Biología incluídos nos programas de Biología de 1º de Bacharelato e de Biología de 2º de Bacharelato.

Os 4 primeiros alumnos españois gañadores na Fase Nacional formarán parte do Equipo Olímpico de España na XXVIII Olimpiada Internacional de Biología en Coventry -Gran Bretaña do 23 ao 30 de xullo de 2017. Os 4 seguintes farano na XI Olimpiada Iberoamericana en Portugal en setembro do ano 2017.

Os interesados en participar solicitarano por escrito, cumprimentando integramente o Formulario de Inscripción que atoparán na web [http://www.biologosdeg Galicia.org/olimpiada\\_biologia.html](http://www.biologosdeg Galicia.org/olimpiada_biologia.html) ou <http://olimpiadadebiologia.edu.es/la-competicion/fase-autonomica/galicia/>

Na presente edición NON poderán participar os estudantes de 1º de bacharelato (por un cambio na norma nacional).

**Prazo de inscrición: ata o xoves día 17 de novembro de 2016.**

**Para máis información preme aquí:**


• CSIF CORUÑA [ense15@csi-f.es](mailto:ense15@csi-f.es)  
• CSIF OURENSE [ense32@csi-f.es](mailto:ense32@csi-f.es)

• CSIF LUGO [ense27@csi-f.es](mailto:ense27@csi-f.es)  
• CSIF PONTEVEDRA [ensino36@csi-f.es](mailto:ensino36@csi-f.es)

• CSIF SANTIAGO [ense77@csi-f.es](mailto:ense77@csi-f.es)



# DEFENDENDO O PÚBLICO



# NOVAS DE ENSINO

## ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

